

# 1 Engadir un equipo Windows cliente ao dominio Samba


## 1.1 Sumario

- 1 Introducción
- 2 Instalación wclient01
- 3 Engadir un equipo cliente no dominio
- 4 Iniciar sesión no equipo cliente con un usuario do dominio

## 1.2 Introducción

- Neste apartado imos engadir un equipo Windows ao dominio.
- A imaxe amosa o escenario que se pretende montar, pero por agora aínda non están compartidos os recursos por SAMBA no servidor:

## Escenario 3.A Servizo SAMBA 3- Clientes Windows




### 1.3 Instalación wclient01

- Imos crear unha MV con Windows 10 64 bits (aínda que o proceso é case idéntico con Windows 8, 7 ou mesmo XP): *wbase*
- Exportaremos o servizo de *wbase*
- Importaremos a MV como *wclient01*, coa configuración IP por DHCP básica e obterá esa configuración do servizo DHCP de *dserver00*.

- Póñense a continuación algúns dos pasos da instalación de *wclient01*

- Instalación *wclient01*




Creamos a MV **wbase**



Asignamos 1 GB de RAM ou máis se se dispón de memoria física suficiente, así a instalación do Windows irá máis rápida. Unha vez instalada xa se pode baixar a RAM a 1 GB.



Configuramos o adaptador de rede como **Rede NAT**




Na instalación, indicamos que é un equipo de traballo ou escola para xestionar usuarios locais.



Prememos en **Unirse a un dominio de Active Directory local**.



Creamos un usuario local.



Vemos que a configuración IP é collida por DHCP de dserver00.



Actualizamos o equipo (**Windows Update**).


Instalamos as **Guest Additions** e **exportamos** a MV *wbase*.



Importamos a MV como **wclient01** e reiniciamos a MAC.



A MV listada no VirtualBox.



Imos cambiar o nome do equipo. Premer co botón dereito sobre **Este equipo** e escoller **Propiedades**.



Premer en **Configuración avanzada do sistema**.



Premer en **Cambiar**.




Indicar o novo nome, premer en **Aceptar** e **Reiniciar** o equipo para que o novo nome sexa efectivo.


## 1.4 Engadir un equipo cliente no dominio

- Para engadir un equipo cliente (con Windows) no dominio samba seguiremos os mesmos pasos que debemos seguir para engadir o equipo a un dominio Windows:
  - ◆ Iniciamos sesión no equipo cliente con un usuario administrador.
  - ◆ Accedemos á ventá de **Sistema** do **Panel de control** (Tamén podemos picar co botón dereito sobre **Mi PC** ou **Equipo** e seleccionar **Propiedades**).
  - ◆ Picamos na opción para cambiar o dominio ao que pertence o equipo e poñemos o nome do noso dominio
    - ◊ Olla, o nome de NetBIOS, o mesmo que puxemos no parámetro **WORKGROUP** no ficheiro de configuración do servidor samba, sen ter en conta as maiúsculas e minúsculas.
  - ◆ Pedirásenos un usuario e un contrasinal, e introduciremos **root** e o contrasinal samba do usuario **root**.

- Engadir un equipo no dominio



En Windows 7 ou superior, temos que facer unha modificación no rexistro de Windows para poder introducir o equipo no dominio, xa que de non facelo obtemos este erro documentado en <http://wiki.samba.org/index.php/Windows7>



Hai que meter dous valores no rexistro de Windows (Executar->regedit) antes de meter o equipo no dominio:


[HKEY\_LOCAL\_MACHINE\SYSTEM\CurrentControlSet\services\LanmanWorkstation\Parameters]

"DomainCompatibilityMode"=dword:00000001


"DNSNameResolutionRequired"=dword:00000000




Agora xa podemos configurar o nome do dominio.



Pídenos o usuario co que dar de alta o equipo no directorio de samba.



Esta é a mensaxe de benvinda.



Reiniciamos...

- Podemos comprobar que no servidor LDAP crease automaticamente a conta de máquina para o equipo (ollo que remata en \$):

```
smbldap-usershow wclient01$
dn: uid=wclient01$,ou=maquinas,dc=iescalquera,dc=local
objectClass: top,account,posixAccount,sambaSamAccount
cn: wclient01$
uid: wclient01$
uidNumber: 1000
gidNumber: 515
homeDirectory: /nonexistent
loginShell: /bin/false
description: Computer
gecos: Computer
sambaSID: S-1-5-21-3472892566-1518861306-3316237868-1001
displayName: WCLIENT01$
sambaNTPassword: A821BEFD0B11C86A3F1BF170D9902C00
sambaPwdLastSet: 1400018447
sambaAcctFlags: [W ]
```




## 1.5 Iniciar sesión no equipo cliente con un usuario do dominio

Unha vez introducido o equipo no dominio, poderemos iniciar sesión con calquera usuario que teña conta de samba:


- Iniciar sesión no dominio



Inicio de sesión no dominio nun equipo Windows XP. Na lista de **Conectarse a:** debemos seleccionar o dominio.



Inicio de sesión no dominio nun equipo Windows 10. Por defecto xa entende que o usuario é do dominio, xa que para iniciar sesión con un usuario local haberá que poñer diante do nome do usuario **NomeDoEquipo\** ou **.\nomeusuario**.



Como temos configurado o servidor samba para que os usuarios teñan a súa carpeta persoal e o perfil dentro da carpeta persoal no servidor, pero estas carpetas aínda non están compartidas, no inicio de sesión veremos este aviso.

```
C:\Users\TEMP.IESCALQUERA>net user /domain sol
Se procesará la solicitud en un controlador de dominio del dominio IESCALQUERA.

Nombre de usuario           sol
Nombre completo            Profe - Sol Lúa
Comentario
Comentario del usuario
Código de país o región     000 (Predeterminado por el equipo)
Cuenta activa               SI
La cuenta expira            06/02/2036 16:06:39

Ultimo cambio de contraseña 16/01/2017 3:06:19
La contraseña expira        Nunca
Cambio de contraseña       16/01/2017 3:06:19
Contraseña requerida        SI
El usuario puede cambiar la contraseña SI

Estaciones de trabajo autorizadas Todas
Script de inicio de sesión  \\dserver00\sol\profile
Perfil de usuario           \\dserver00\sol
Directorio principal        \\dserver00\sol
Ultima sesión iniciada      Nunca


Horas de inicio de sesión autorizadas Todas

Miembros del grupo local
Miembros del grupo global   *g-usuarios
                             *g-profes
                             *g-dam1-profes
                             *g-dam2-profes


Se ha completado el comando correctamente.

C:\Users\TEMP.IESCALQUERA>
```

Con `net user /domain sol` podemos ver información dos usuarios do dominio e os grupos aos que pertencen.



En **Equipo** non hai ningunha unidade de rede do servidor. É polo de antes porque aínda non compartimos nada no servidor para SAMBA, está por NFS.



Comprobamos o compartido por samba no servidor: `\\dserver00`.



-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez